

llos e empresas privadas que presten servizos de transporte NoiteBús).

E o anterior é aínda máis relevante se temos en consideración que na presente liña de axudas incrementouse a dotación económica respecto das previsións do ano 2007 en máis do seu triplo, pasando dun total de 800.000 € en 2007 a unha dotación de 2.800.000 € para o ano 2008, e de 1.400.000 para o primeiro semestre de 2009.

Por todo isto, considerando a implicación dos destinatarios das axudas, e o eminente carácter social que estas teñen, ao ir dirixidas ao establecemento dun servizo de transporte nocturno a lugares de lecer, leva a considerar como non adecuada a realización dunha selección previa de servizos e a promover esta consellería o incremento dos créditos previstos mediante remanentes do programa 512A dos orzamentos de gastos desta administración.

Este esforzo levará ao establecemento do conxunto de servizos solicitados, coa conseguinte opción de valoración posterior do seu funcionamento, no marco das facultades que a orde de convocatoria outorgan á administración concedente de efectuar unha avaliación da prestación dos servizos e a revogación, *ex post*, daqueles que non acaden os mínimos de usuarios comprometidos.

En consecuencia, achegando esta consellería unha maior dispoñibilidade orzamentaria, cómpre incrementar o importe dos créditos destinados ás axudas que poderán ser concedidas ao abeiro da referida orde do 14 de febreiro, coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Amplíase o importe das axudas que se van conceder ao abeiro da Orde desta Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 14 de febreiro de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para establecer servizos de transporte público nocturno a lugares de lecer baixo a marca NoiteBús, nas seguintes aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, e importes:

Importes	Empresas	Concellos
2008 Importe inicial	2.000.000,00 €	800.000,00 €
Total solicitado	3.029.592,85 €	1.286.744,80 €
Importe que se incrementa	+ 1.029.592,85 €	+ 486.744,80 €
2009 Importe inicial	1.000.000,00 €	400.000,00 €
Total solicitado	1.500.000,00 €	650.000,00 €
Importe que se incrementa	+ 500.000,00 €	+ 250.000,00 €

Artigo 2º.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na referida orde para a presentación de solicitudes nin determina, tanto a necesidade de apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2008.

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 14 de xullo de 2008 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de dez bolsas de colaboración en diversos proxectos de museísmo pedagóxico, que se están a desenvolver no Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega).

O Decreto 114/1982, do 1 de setembro, sobre asunción de transferencias en materia educativa, establece que as competencias transferidas en virtude do Real decreto 1763/1982, do 24 de xullo, sobre o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de educación serán exercidas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria; entre esas competencias figuran a elaboración e o desenvolvemento de proxectos de experimentación e investigación educativos.

Dentro do plan de actividades da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2008, figura a convocatoria pública de bolsas de investigación e colaboración para realizar proxectos concretos sobre museísmo pedagóxico.

O seu outorgamento enmárcase dentro das funcións atribuídas á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria no artigo 3º do Decreto 268/2000, do 2 de novembro (DOG do 13 de novembro), polo que se crea o Museo Pedagóxico de Galicia, coa finalidade de recuperar, estudar, mostrar e difundir o legado pedagóxico da nosa Comunidade Autónoma.

Na súa virtude, apróbanse as seguintes:

Bases:

Primeira.-*Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto aprobar as bases e proceder á convocatoria de dez bolsas de colaboración nos proxectos concretos de museísmo pedagóxico que se están a desenvolver no Museo Pedagóxico de Galicia, (en adiante Mupega), e que se detallan no anexo I á presente orde.

Segunda.-*Orzamento e contía das bolsas.*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria financiará estas bolsas con cargo á aplicación orzamentaria 09.01.421A.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008 e 2009, cunha contía total de cento dez mil oitocentos oitenta euros (110.880), dos que 27.720 € corresponden ao exercicio 2008 e 83.160 € ao exercicio 2009.

O importe das bolsas incluirá:

-Unha asignación mensual de 900 euros, coa retención fiscal que corresponda, que será incompatible con calquera outra axuda ou actividade remunerada.

-Seguro de asistencia médica e seguro combinado de accidentes.

O pagamento da bolsa realizarase mensualmente, logo do informe do coordinador científico do Mupega, sempre que as actividades se desenvolvan con normalidade e de acordo coas bases establecidas,

tendo en conta que co último pagamento deberán presentar declaración do conxunto de todas as solicitudes, efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto, ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

Terceira.-Duración.

A duración da bolsa será de 12 meses, comprendidos entre o 1 de outubro de 2008 e o 30 de setembro do 2009, e poderase prorrogar ata un máximo total, incluídas as prórrogas, de tres anos, á vista do labor realizado polo/a bolseiro/a, sempre que o proxecto a que estea vinculado non estea rematado e así o permitan as disponibilidades orzamentarias.

A data de incorporación ao centro será dentro dos dez días seguintes ao da notificación da adxudicación. As/os bolseiras/os que non se incorporen no prazo establecido perderán os dereitos inherentes á bolsa concedida, salvo causa xustificada de atraso apreciada polo coordinador científico do Mupega.

Cuarta.-Requisitos dos solicitantes:

a) Posuír a nacionalidade española ou ser nacional dun país membro da Unión Europea.

b) Estar en posesión da titulación académica que en cada proxecto do anexo I se especifica.

c) Contar cun expediente académico persoal con nota media igual ou superior a 1,5000.

d) Coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento.

e) Coñecemento das linguas inglesa e francesa a nivel medio.

f) Ter participado como mínimo nun proxecto de investigación de temática similar aos convocados dunha duración mínima de 3 meses.

g) Non poderán participar nesta convocatoria persoas que, reunindo estes requisitos, resultasen beneficiarias dunha bolsa ou contrato en concursos anteriores do Mupega.

Quinta.-Solicitudes, documentación e prazo de presentación.

a) As solicitudes, no modelo que se xunta como anexo II, irán dirixidas ao secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e entregaranse no rexistro xeral desta consellería, ou ben en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

b) A presentación de solicitude comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración do Estado e coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, polo que queda liberado o solicitante de achegar a correspondente certificación.

c) Cada solicitante presentará unha única solicitude e poderá solicitar e un máximo de dúas modalidades de bolsa, indicando no impreso de solicitude, de ser o caso, a orde de preferencia. A presentación de

máis dunha solicitude ou a elección de máis de dúas opcións invalidará todas as presentadas.

d) O prazo de presentación de solicitudes será de corenta (40) días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación da presente convocatoria no DOG.

e) Documentación que se deberá presentar xunto coa solicitude:

-Fotocopia compulsada do título universitario requirido no anexo I.

-Certificación académica oficial ou copia compulsada, en que figure a nota media simple do expediente académico, obtida de acordo co baremo establecido na resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005, DOG do 23 de marzo. A nota media terá en conta a totalidade dos créditos ou materias superadas e, nun procedemento único de cálculo que inclúa todas as asignaturas de primeiro e segundo ciclo, así como os créditos asignados no plan de estudos.

Os/as solicitantes que teñan cursado os seus estudos en universidades non pertencentes ao sistema universitario de Galicia e posúan certificación académica nun idioma distinto do galego ou castelán, deberán xuntar a correspondente tradución xurada. A certificación indicará: cualificacións máxima e mínima do sistema de avaliación correspondente, cualificación mínima necesaria para aprobar, número de convocatorias esgotadas e cualificacións obtidas en cada unha das convocatorias.

-Certificación da participación en proxectos de investigación similares aos convocados, onde conste o período da participación.

-Título acreditativo do coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento.

-Título acreditativo do coñecemento das linguas inglesa e francesa

-Fotocopia do DNI ou pasaporte.

-Declaración xurada comprometéndose a renunciar, se fose seleccionado, á percepción doutras remuneracións, bolsas ou axuda, e tamén de que cumpre os requisitos exixidos polo artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

-Declaración do conxunto de todas as solicitudes, efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto, ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

-Diploma de estudos avanzados e tese de doutoramento, de ser o caso.

Todos os documentos deberán ser orixinais ou copias cotexadas.

Os servizos da secretaría xeral procederán á revisar as solicitudes presentadas e daráselle, de ser o caso, un prazo de 10 días para currixir a falta de documentación.

Transcorrido ese prazo sen que se emende a falta de documentación, considerarase que o/a interesado/a desiste da súa petición e arquivaranse os devanditos expedientes, logo de resolución nos termos pre-

vistos no artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Sexta.-*Baremación.*

A valoración total de cada expediente de solicitude poderá acadar a puntuación máxima de 10,5 puntos, tendo en conta o seguinte:

Expediente académico: ata un máximo de 4 puntos.

-As notas medias do expediente académico persoal serán calculadas de acordo co baremo establecido na Resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005, DOG do 23 de marzo. A nota media terá en conta a totalidade dos créditos ou materias superadas e nun procedemento único de cálculo que inclúa todas as asignaturas de primeiro e segundo ciclo así como os créditos asignados no plan de estudos.

-Diploma de estudos avanzados: 1 punto.

-Tese de doutoramento: 1,5 puntos.

-Participación en máis dun proxecto de investigación dunha duración mínima de tres meses: 1 punto por cada proxecto a partir do segundo e ata un máximo de 4 puntos.

En caso de empate, na puntuación total obtida terase en conta en primeiro lugar a nota media do expediente académico e, de existir empate na citada nota media do expediente académico persoal, procederase ao desempate de acordo coa seguinte orde de prelación: menor número de suspensos; de persistir o empate, o maior número de matrículas de honra; de persistir o empate, o maior número de sobresañtes.

De persistir o empate, terase en conta a puntuación obtida na epígrafe de proxectos de investigación.

Non se valorarán aqueles méritos alegados polos solicitantes nas súas instancias que non estean acreditados documentalmente.

Sétima.-*Comisión de valoración.*

A selección dos/as candidatos/as será realizada por unha comisión presidida polo coordinador científico do Mupega, e composta por dous vogais; un deles será o/a titular do Servizo de Coordinación Administrativa da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e outro un asesor do Mupega, que será nomeado polo presidente da comisión. Actuará como secretario un funcionario da secretaría xeral.

A comisión de selección, unha vez baremadas as solicitudes conforme o establecido na base sexta da presente convocatoria, convocará a unha entrevista os 15 solicitantes de cada modalidade de bolsa que obtivesen a maior puntuación total, para valorar os seus coñecementos sobre o tema de investigación, e poderá outorgarlle a esta unha puntuación máxima de ata 2 puntos.

Unha vez realizadas as entrevistas, a comisión procederá a lles asignar as bolsas aos candidatos que obtivesen maior puntuación total do expediente e entrevista, de ser o caso, establecendo unha lista de suplentes de 5 bolseiros por cada modalidade de bolsa ordenada por puntuación total.

Oitava.-*Resolución e publicación.*

A resolución de concesión das bolsas publicarase no *Diario Oficial de Galicia*, pola que se entenderán notificados/as, para todos os efectos, os/as beneficiarios/as, e na páxina web da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, <http://www.edu.xunta.es>, mediante relación nominal dos/as beneficiarios/as e suplentes.

As solicitudes non incluídas na resolución de concesión entenderanse desestimadas e publicaranse na páxina web mencionada e no taboleiro de anuncios da citada consellería coa indicación expresa dos motivos de exclusión, pola que se entenderán notificados os/as solicitantes, de conformidade co artigo 54 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Os/as solicitantes excluídos/as terán un prazo de dous meses a partir da publicación da concesión das bolsas no *Diario Oficial de Galicia* para recuperar a documentación presentada.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso - administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta orde será de seis meses, contados a partir da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. O vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexítima aos interesados para entender desestimada, por silencio administrativo, a solicitude de concesión da subvención.

Novena.-*Incompatibilidades, obrigas e cumprimento.*

a) Estas bolsas son incompatibles con outras bolsas ou axudas financiadas con fondos públicos ou privados, así como soldos ou salarios que impliquen vinculación contractual ou estatutaria do bolseiro/a ou calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado.

b) Os/as bolseiros/as permanecerán na sede do Mupega, en horario habitual de presenza de mañá e/ou tarde, segundo as necesidades dos proxectos, a criterio do coordinador científico do Mupega.

c) A conselleira de Educación e Ordenación Universitaria poderá conceder, por unha vez, a interrupción da bolsa por petición razoada do/a interesado/a, logo do informe do coordinador científico do Mupega. A interrupción non poderá ser nunca superior a 3 meses ao longo da duración da bolsa e as posibles

renovacións, e non dará lugar, en ningún caso, á posibilidade de recuperar o período interrompido. O/a interesado/a nesta interrupción temporal da bolsa non terá dereito a percibir as mensualidades correspondentes ao período que dure a súa interrupción.

Se algún/algunha dos/as beneficiarios/as destas bolsas decidise renunciar a ela, fose seleccionado para outra bolsa, axuda ou proxecto, ou se produci-se algunha circunstancia determinante de incompatibilidade con esta bolsa, deberá comunicarllo ao secretario xeral da consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que procederá á suspensión da bolsa correspondente. A bolsa vacante poderá ser adxudicada ao candidato/a seguinte da lista de suplentes, sempre que as necesidades do proxecto sigan sendo as mesmas. En tal caso, o período máximo de que poderá beneficiarse o/a segundo/a candidato/a non poderá exceder do prazo de tres anos contados a partir da data do primeiro nomeamento.

d) Os/as beneficiarios/as teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control de destino das bolsas, así como as demais que deriven do artigo 45 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

e) O incumprimento por parte do/a bolseiro/a de calquera das condicións recollidas na presente orde e demais normas aplicables, poderá constituír causa determinante de revogación da axuda e do reintegro total ou parcial polo/a beneficiario/a das cantidades percibidas xunto cos xuros de demora que lle puideran corresponder en cada caso, en aplicación do disposto nos artigos 33 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Unha vez finalizada a bolsa presentarase un informe da actividade realizada, co visto e prace do coordinador científico do Mupega.

Décima.-*Aceptación das bolsas.*

Unha vez recibidas as notificacións de concesións das bolsas polos/as beneficiarios/as, estes, no prazo de cinco días naturais, comunicarán por escrito ao Mupega a aceptación ou renuncia a elas. Se transcorridos eses cinco días non se fixese a manifestación en ningún sentido, entenderase como renuncia á bolsa.

Disposicións adicionais.

Primeira.-A presentación da solicitude da bolsa comportará a autorización á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para:

a) Facer públicos nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos ás axudas e

subvencións recibidas, así como as sancións impostas cando proceda.

b) A reserva que o petionario poida facer no senso de non autorizar a obtención de datos ou a publicidade dos datos nos rexistros, que en todo caso terá que se expresar, poderá dar lugar á exclusión do proceso de participación para obter a axuda ou subvención ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

c) De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co disposto no artigo 15.2º c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Segunda.-Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo prevé o artigo 17.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceira.-A concesión das bolsas reguladas nesta orde terá como límite global o crédito asignado nos orzamentos para este fin.

Cuarta.-Esta convocatoria poderá ser impugnada mediante recurso potestativo de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación da resolución no DOG, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de acordo co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Quinta.-A condición de bolseiro/a non dará lugar a relación contractual ningunha, nin laboral nin administrativa, coa Xunta de Galicia.

Disposicións derradeiras.

Primeira.-Facúltase o titular da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para adoptar os actos e medidas necesarios para a aplicación desta orde.

Segunda.-A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de xullo do 2008.

Laura Sánchez Piñón
Conselleira de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

Modalidade	Nº de bolsas convocadas	Titulación exixida
a) Proxecto: sociedades de instrución e escolas emigrantes	2	2-Licenciados en pedagogía
b) Proxecto: da Lei Villar Palasí á actualidade	3	2-Licenciados en pedagogía

Modalidade	Nº de bolsas convocadas	Titulación exixida
c) Proxecto: materiais didácticos e plataforma on-line	2	1-Licenciado en comunicación audiovisual 1-Licenciado en pedagogía
d) Proxecto: posta en valor do patrimonio histórico educativo	3	1-Licenciado en bibliotecomanía e documentación 1-Licenciado en historia ou historia da arte 1-Titulado superior en restauración e conservación de bens culturais



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E
ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ANEXO II

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
BOLSAS DE COLABORACIÓN EN DIVERSOS PROXECTOS DE MUSEÍSMO PEDAGÓXICO	ED112C	SOLICITUDE

DATOS DO SOLICITANTE

APellidos	NOME	DNI	
ENDEREZO			
PROVINCIA	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

MODALIDADE QUE SOLICITA

MODALIDADE	Nº de orde de preferencia
MODALIDADE A: PROXECTO SOCIEDADES DE INSTRUCCIÓN E ESCOLAS DE EMIGRANTES	
MODALIDADE B: PROXECTO DE INVESTIGACIÓN: "DA LEI VILLAR PALASÍ Á ACTUALIDADE"	
MODALIDADE C: PROXECTO DE INVESTIGACIÓN SOBRE MATERIAIS DIDÁCTICOS E PLATAFORMA ON-LINE	
MODALIDADE D: PROXECTO DE INVESTIGACIÓN SOBRE A POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO HISTÓRICO EDUCATIVO	

DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA

- Fotocopia compulsada do título universitario requirido no anexo I.
- Certificación académica oficial ou copia compulsada, na que figure a nota media simple do expediente académico, obtida de acordo co baremo establecido na resolución da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 15 de marzo de 2005, DOG do 23 de marzo.
- Certificación da participación en proxectos de investigación similares aos convocados, onde conste o período da participación.
- Título acreditativo do coñecemento da lingua galega no nivel de perfeccionamento.
- Título acreditativo do coñecemento das linguas inglesa e francesa.
- Fotocopia do DNI ou pasaporte.
- Declaración xurada comprometéndose a renunciar, se fose seleccionado, á percepción doutras remuneracións, bolsas ou axudas, e tamén de que o solicitante non foi separado do servizo de ningunha administración nin institución pública como consecuencia de expediente disciplinario.
- Declaración do conxunto de todas as solicitudes, efectuadas ou concedidas, para un mesmo proxecto, ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos.
- Diploma de estudos avanzados e teses de doutoramento, se é o caso.

"De conformidade cos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 20 de decembro, de ornamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará no DOG e na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao amparo desta orde; e incluírá igualmente as referidas axudas e as sancións que como consecuencia delas se puidesen impoñer, nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento dos datos persoais dos beneficiarios e a referida publicidade"

LEXISLACIÓN APLICABLE	(Para cubrir pola Administración)	NÚMERO DE EXPEDIENTE
<i>Orde do 14 de xullo de 2008 pola que se aproban as bases e se procede á convocatoria de dez bolsas de colaboración en diversos proxectos de museísmo pedagóxico, que se están a desenvolver no Museo Pedagóxico de Galicia (Mupega).</i>	RECIBIDO	DATA DE ENTRADA
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA	REVISADO E CONFORME	DATA DE EFECTOS
		DATA DE SAÍDA